



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE COMERCIO EXTERIOR

Maio 2019

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1. PRINCIPAIS RESULTADOS

A taxa interanual das exportacións galegas en maio de 2019 é do -6,0%, mentres que no conxunto do Estado é do 5,5%.

As exportacións de “Vehículos automóbiles; tractores” son as que teñen unha maior repercusión negativa na variación interanual.

As importacións aumentan un 5,7% con respecto a maio do ano pasado, debido fundamentalmente ao aumento nas importacións de “Combustibles, aceites minerais”. En España as importacións soben un 4,9%.

Cadro 1.- PRINCIPAIS MAGNITUDES. AVANCE DE DATOS

Período	Exportacións/Expedicións		Importacións/Introducións		Saldo ⁽¹⁾	Taxa de cobertura (%) ⁽²⁾
	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	
GALICIA						
maio2019	1.949.479	-6,0	1.728.717	5,7	220.762	112,8
xaneiro-maio2019	8.867.684	-9,0	8.290.941	8,3	576.743	107,0
ESPAÑA						
maio2019	26.691.544	5,5	28.801.758	4,9	-2.110.214	92,7
xaneiro-maio2019	122.469.553	1,9	135.648.642	2,5	-13.179.089	90,3

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

(2) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

2.- DATOS POR PRODUCTOS


Exportacións

En maio de 2019, en Galicia, as exportacións diminúen un 6,0% respecto ao mesmo mes de 2018 e no total deste ano 2019 diminúen un 9,0%.

Os produtos con maior repercusión negativa nas exportacións de maio foron os “Vehículos automóbiles; tractores” que repercuten en -8,3 puntos e representan o 20,2% das exportacións galegas. Pola contra os produtos con maior influencia positiva foron as “Prendas de vestir, non de punto” que, cun peso do 19,5% sobre o total das exportacións galegas e unha taxa de variación do 40,4% con respecto a maio de 2018, repercuten en 5,3 puntos na taxa de variación das exportacións; seguidas, a máis distancia, polas “Prendas de vestir, de punto” (2,8 puntos). Polo tanto, o grupo das “Materias téxtiles e as súas manufacturas” repercute en 8,0 puntos e supón o 31,2% das exportacións galegas neste mes. No que vai de 2019, as vendas ao exterior de “Vehículos automóbiles; tractores” (-4,6 puntos) son as que inflúen máis negativamente no comportamento das exportacións, mentres que as influencias máis positivas no total corresponden ás exportacións de “Aparellos e material eléctrico” (0,6 puntos). (gráfico 1)

Gráfico 1. Exportacións

Principais achegas á taxa do total en %



Importacións


En maio de 2019, en Galicia, as importacións aumentan un 5,7% respecto ao mesmo mes de 2018 e no total do ano 2019, soben un 8,3%.

Os produtos que máis positivamente influíron nas importacións en maio foron os “Combustibles, aceites minerais”, que representan o 18,1% das importacións galegas e achegan 5,7 puntos á taxa de variación das importacións; destacan tamén as “Máquinas e aparellos mecánicos” con 3,0 puntos. Pola contra, as maiores repercusións negativas atopámolos nas “Materias plásticas e as súas manufacturas” que, cun peso do 1,8% sobre o total das importacións, repercuten en -1,7 puntos; seguidas moi de cerca polos “Pescados, crustáceos, moluscos” con -1,6 puntos.

No que vai do ano 2019, os “Combustibles, aceites minerais”, as “Máquinas e aparellos mecánicos”, as “Prendas de vestir, non de punto” (1,6 puntos cada un) e os “Vehículos automóbiles; tractores” (1,5 puntos) representan as maiores achegas positivas á variación total; mentres que as “Aeronaves; vehículos espaciais” (-0,7 puntos) e os “Pescados, crustáceos, moluscos” (-0,6 puntos) as maiores achegas negativas. (gráfico 2)

Gráfico 2. Importacións

Principais achegas á taxa do total en %



3.- DATOS POR ZONAS XEOGRÁFICAS

En maio, as expedicións dirixidas á UE-28 (79,5% do total) presentan unha taxa de variación interanual do -3,3%. Prodúcese os maiores descensos en Bélxica (-56,4%), Francia (-13,0%) e Reino Unido (-16,6%), países que concentran o 27,0% das exportacións totais; mentres que os Países Baixos (21,7%) e Alemaña (18,7%) ascenden. No caso das introducións da UE-28, que neste mes de maio representan un 52,5% do total, prodúcese unha diminución do 3,6% debido fundamentalmente á diminución das nosas compras a Portugal (-25,5%); entre os países cos que as compras aumentan atópanse Eslovaquia (78,7%) e Italia (28,7%).

Con respecto ao resto de países e no referente ás exportacións, destacaremos o aumento das dirixidas cara China fronte a diminución das que teñen como destino os Estados Unidos. Mentres que no concenrente ás importacións, aumentan as procedentes de China e diminúen as de Oriente Medio.

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. MAIO 2019. AVANCE DE DATOS						
Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	1.949.479	100,0	-6,0	1.728.717	100,0	5,7
EUROPA	1.637.044	84,0	-3,2	1.000.667	57,9	-2,1
UE28	1.550.249	79,5	-3,3	907.884	52,5	-3,6
Zona Euro	1.235.003	63,4	-3,5	839.736	48,6	-3,7
Alemaña	112.962	5,8	18,7	57.343	3,3	-4,4
Bélxica	61.298	3,1	-56,4	14.081	0,8	-54,7
Francia	337.318	17,3	-13,0	455.284	26,3	-2,6
Grecia	43.032	2,2	53,9	914	0,1	-31,8
Irlanda	25.687	1,3	57,9	4.254	0,2	65,0
Italia	191.182	9,8	0,0	77.522	4,5	28,7
Países Baixos	114.506	5,9	21,7	29.073	1,7	62,0
Portugal	289.338	14,8	5,4	143.909	8,3	-25,5
Eslovaquia	12.491	0,6	-22,7	39.478	2,3	78,7
Resto UE28	306.384	15,7	0,9	63.483	3,7	-6,2
Reino Unido	127.861	6,6	-16,6	21.854	1,3	15,7
Polonia	83.692	4,3	17,6	12.768	0,7	36,9
Romanía	30.823	1,6	65,2	2.814	0,2	-59,8
RESTO DE EUROPA	86.795	4,5	-1,0	92.783	5,4	14,7
Turquía	34.509	1,8	-24,1	43.180	2,5	10,3
Rusia	13.219	0,7	-1,1	30.920	1,8	8,4
AMÉRICA	130.789	6,7	-23,6	219.139	12,7	-1,0
AMÉRICA DEL NORTE	45.563	2,3	-34,3	34.068	2,0	-2,4
Estados Unidos	37.012	1,9	-36,1	32.635	1,9	-4,5
AMÉRICA LATINA	84.614	4,3	-16,2	150.590	8,7	9,7
México	19.393	1,0	5,7	67.477	3,9	38,1
Argentina	4.933	0,3	-68,6	24.258	1,4	-6,0
Ecuador	5.834	0,3	28,8	20.447	1,2	-19,9
ASIA	88.891	4,6	-23,0	206.941	12,0	35,9
Oriente Medio	26.710	1,4	-42,3	5.612	0,3	-80,2
China	25.786	1,3	31,1	105.659	6,1	149,4
Indonesia	2.438	0,1	37,6	22.684	1,3	94,0
ÁFRICA	85.304	4,4	1,1	294.117	17,0	31,1
Marrocos	48.357	2,5	-0,6	49.901	2,9	32,6
Namibia	1.357	0,1	65,9	22.197	1,3	5,1

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo


4.- INFORMACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

O peso de Galicia no conxunto de España, en maio de 2019, ascende ao 7,3% no total de exportacións e ao 6,0% nas importacións, e presenta unhas taxas de variación interanual do -6,0% e do 5,7% respectivamente.

O aumento das exportacións en España¹ no mes de maio de 2019 (5,5%) ven explicado pola evolución positiva de doce comunidades autónomas, entre as que sobresaen Cataluña, Madrid, Comunidad Valenciana e País Vasco, que achegan en conxunto 5,4 puntos positivos á taxa de variación das exportacións.

En canto ás importacións, o aumento do 4,9% no conxunto do Estado está provocado pola suba rexistrada en doce comunidades autónomas, destacando Madrid, Cataluña e Murcia que achegan en total 4,7 puntos á taxa de variación das importacións.

Gráfico 3. Comercio exterior por Comunidades Autónomas
Maio 2019. Principais achegas á taxa do total en %




No que vai do ano, as exportacións en España presentan unha taxa de variación do 1,9%. Atopamos taxas positivas en catorce comunidades autónomas, sendo a máis alta a correspondente a Cataluña; entre as tres comunidades autónomas con taxas de crecemento negativas salientamos principalmente Galicia. A nosa comunidade, neste ano 2019, amosa unha taxa de variación do -9,0%, cun peso do 7,2% sobre o total das exportacións nacionais e convértese na comunidade autónoma coa achega máis negativa (-0,7 puntos) a ese crecemento nacional.

No caso das importacións españolas rexístrase un incremento do 2,5%. O peor comportamento amósao Andalucía, restando 0,7 puntos á taxa final. Entre as comunidades autónomas que teñen taxas positivas destaca o comportamento de Cataluña. A comunidade galega presenta unha variación acumulada do 8,3%, cun peso do 6,1% sobre o total das importacións nacionais e achega 0,5 puntos ao crecemento nacional.


¹ Na comparativa por comunidades autónomas non temos en conta os datos de Ceuta e Melilla por presentar unha porcentaxe practicamente nula no total de exportacións e importacións españolas.

Gráfico 4. Comercio exterior por Comunidades Autónomas
Xaneiro-maio 2019. Principais achegas á taxa do total en %



5.- EVOLUCIÓN DO COMERCIO EXTERIOR EN GALICIA

Gráfico 5. Taxas de variación anual (%).
Ciclo tendencia



Fonte: IGE. Elaboración propia

ANEXO TÁBOAS

COMERCIO EXTERIOR POR CAPÍTULOS E SECCIÓNS TARIC. MAIO 2019. AVANCE DE DATOS									
Produto	Exportacións/Expedicións				Importacións/Introducións				Saldo ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	
TOTAL	1.949.479	100,0	-6,0	-6,0	1.728.717	100,0	5,7	5,7	220.762
I. Animais vivos e produtos do reino animal	172.258	8,8	-7,1	-0,6	206.267	11,9	-11,5	-1,6	-34.009
02 Carne e despoños comestibles	17.033	0,9	-40,7	-0,6	2.359	0,1	37,0	0,0	14.674
03 Pescados, crustáceos, moluscos	132.597	6,8	-2,0	-0,1	199.747	11,6	-11,7	-1,6	-67.150
04 Leite, produtos lácteos, ovos	12.934	0,7	-6,8	0,0	2.254	0,1	-24,4	0,0	10.680
II. Produtos do reino vexetal	15.107	0,8	-8,7	-0,1	17.097	1,0	-34,4	-0,5	-1.989
08 Froitas /Froitos, sen conservar	5.136	0,3	7,5	0,0	3.414	0,2	-21,9	-0,1	1.722
10 Cereais	217	0,0	40,1	0,0	5.198	0,3	-58,6	-0,4	-4.981
III. Graxas e aceites animais ou vexetais; prod. do seu desdoblamento; graxas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal	6.113	0,3	16,1	0,0	13.031	0,8	-9,8	-0,1	-6.918
15 Graxas, aceite animal ou vexetal	6.113	0,3	16,1	0,0	13.031	0,8	-9,8	-0,1	-6.918
IV. Produtos das industrias alimenticias; bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre; tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados	89.834	4,6	5,3	0,2	51.188	3,0	-18,5	-0,7	38.646
16 Conservas de carne ou pescado	71.078	3,6	0,6	0,0	40.999	2,4	-21,4	-0,7	30.080
23 Residuos industria alimentaria	4.480	0,2	3,7	0,0	6.484	0,4	-10,9	0,0	-2.004
V. Produtos minerais	112.147	5,8	-27,4	-2,0	329.543	19,1	40,9	5,8	-217.395
26 Minerais, escorias e cinzas	1.042	0,1	52,7	0,0	12.924	0,7	18,5	0,1	-11.882
27 Combustibles, aceites minerais	100.349	5,1	-30,9	-2,2	312.463	18,1	42,0	5,7	-212.114
VI. Produtos das industrias químicas ou das industrias conexas	63.826	3,3	-20,7	-0,8	44.695	2,6	-9,6	-0,3	19.130
28 Produtos químicos inorgánicos	17.156	0,9	-0,3	0,0	8.154	0,5	10,9	0,0	9.001
29 Produtos químicos orgánicos	1.371	0,1	-74,9	-0,2	13.696	0,8	20,2	0,1	-12.325
30 Produtos farmacéuticos	2.680	0,1	-73,7	-0,4	2.084	0,1	-60,5	-0,2	596
38 Outros produtos químicos	28.074	1,4	-18,6	-0,3	9.786	0,6	-40,1	-0,4	18.288
VII. Materias plásticas e manufacturas destas materias; caucho e manufacturas de caucho	28.479	1,5	-1,2	0,0	38.719	2,2	-44,7	-1,9	-10.240
39 Materias plásticas e as súas manufacturas	24.657	1,3	0,4	0,0	31.206	1,8	-47,3	-1,7	-6.549
40 Caucho e as súas manufacturas	3.823	0,2	-10,0	0,0	7.513	0,4	-30,1	-0,2	-3.691
VIII. Peles, coiros, peletería e manufacturas destas materias; artigos de guarnicionería ou de talabartería, artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes; manufacturas de tripa	20.014	1,0	22,0	0,2	12.384	0,7	222,6	0,5	7.630
41 Peles (agás a peletería) e coiros	2.371	0,1	-11,2	0,0	535	0,0	-41,0	0,0	1.837
42 Manufacturas de coiro, marroquinería	16.941	0,9	30,8	0,2	11.804	0,7	302,6	0,5	5.138
IX. Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira; cortiza e manufacturas de cortiza; manufacturas de espartería ou cestería	42.912	2,2	-3,5	-0,1	9.356	0,5	-17,0	-0,1	33.556
44 Madeira e as súas manufacturas	41.954	2,2	-4,0	-0,1	9.237	0,5	-17,3	-0,1	32.717
X. Pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas; refugallo e desperdicios de papel e cartón; papel e as súas aplicacións	26.631	1,4	-20,6	-0,3	20.194	1,2	22,9	0,2	6.437
47 Pasta de madeira; papel reciclado	16.224	0,8	-30,3	-0,3	3.541	0,2	553,8	0,2	12.682
48 Papel, cartón; as súas manufacturas	10.051	0,5	-0,2	0,0	15.909	0,9	4,4	0,0	-5.858
XI. Materias téxtiles e as súas manufacturas	608.166	31,2	37,4	8,0	139.423	8,1	21,3	1,5	468.742
54 Filamentos sintéticos ou artificiais	8.279	0,4	50,3	0,1	9.611	0,6	89,7	0,3	-1.332
61 Prendas de vestir, de punto	193.478	9,9	42,1	2,8	35.679	2,1	4,5	0,1	157.799
62 Prendas de vestir, non de punto	380.715	19,5	40,4	5,3	65.405	3,8	28,9	0,9	315.310
XII. Calzado; sombreirería, paraugas, antucas, bastóns, látigos, fustas e as súas partes; plimas preparadas e artigos de plumas; flores artificiais; manufacturas de cabelo	36.920	1,9	8,0	0,1	6.522	0,4	17,6	0,1	30.398
64 Calzado e as súas partes	35.384	1,8	7,1	0,1	5.224	0,3	3,4	0,0	30.159
XIII. Manufacturas de pedra, xeso, cemento, mica ou materias análogas; xoiería de fantasía e moedas	35.523	1,8	18,8	0,3	8.281	0,5	35,2	0,1	27.242
68 Manufacturas de pedra, xeso	30.356	1,6	19,5	0,2	3.691	0,2	64,9	0,1	26.665
70 Vidrio e as súas manufacturas	3.737	0,2	22,8	0,0	3.546	0,2	12,7	0,0	192
XIV. Perlas finas ou cultivadas, pedras preciosas e semipreciosas ou semellantes, metais preciosos, chapados de metais preciosos e manufacturas destas materias; xoiería de fantasía e moedas	5.150	0,3	148,0	0,1	2.320	0,1	227,3	0,1	2.830
XV. Metais comúns e manufacturas destes metais	128.044	6,6	-28,9	-2,5	153.768	8,9	-2,3	-0,2	-25.724
72 Fundición, ferro e aceiro	41.215	2,1	-54,5	-2,4	71.075	4,1	-11,6	-0,6	-29.860
73 Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	20.584	1,1	-10,6	-0,1	22.922	1,3	-10,0	-0,2	-2.338
76 Aluminio e manufacturas de aluminio	55.130	2,8	5,7	0,1	42.651	2,5	19,6	0,4	12.480
XVI. Máquinas e aparellos, material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son en televisión, e as partes e accesorios destes aparellos	117.608	6,0	-2,0	-0,1	144.915	8,4	51,4	3,0	-27.307
84 Máquinas e aparellos mecánicos	52.358	2,7	-0,8	0,0	99.571	5,8	96,0	3,0	-47.213
85 Aparellos e material eléctrico	65.250	3,3	-2,9	-0,1	45.344	2,6	1,0	0,0	19.906
XVII. Material de transporte	395.112	20,3	-30,3	-8,3	506.037	29,3	-0,3	-0,1	-110.925
87 Vehículos automóbiles; tractores	393.182	20,2	-30,5	-8,3	503.252	29,1	0,2	0,1	-110.070
88 Aeronaves; vehículos espaciais	603	0,0	86,8	0,0	678	0,0	673,8	0,0	-74
89 Barcos e embarcacións	1.272	0,1	-4,6	0,0	2.003	0,1	-56,9	-0,2	-730
XVIII. Instrumentos e aparellos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, de control ou de precisión; instrumentos e aparellos cirúrxicos; relojería; aparellos ópticos, medidas e médicos	3.806	0,2	-3,6	0,0	5.675	0,3	-28,3	-0,1	-1.869
90 Aparellos ópticos, medidas e médicos	2.130	0,1	-24,8	0,0	5.334	0,3	-30,0	-0,1	-3.204
XIX. Armas e munições, as súas partes e accesorios	5	0,0	-65,5	0,0	107	0,0	397,2	0,0	-102
XX. Mercadorías e produtos diversos	21.675	1,1	8,0	0,1	18.101	1,0	6,9	0,1	3.574
94 Mobles, cadeiras, lámparas	17.580	0,9	0,7	0,0	15.472	0,9	8,4	0,1	2.108
XXI. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade	8	0,0	-12,3	0,0	8	0,0	-64,2	0,0	0
N.C. Non clasificados	20.141	1,0	-9,1	-0,1	1.086	0,1	23,0	0,0	19.054

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

Nota: Para o cálculo das repercusións empréganse os pesos do mesmo mes do ano anterior

COMERCIO EXTERIOR POR CAPÍTULOS E SECCIÓNS TARIC. XANEIRO-MAIO 2019. AVANCE DE DATOS

Produto	Exportacións/Expedições				Importacións/Introducións				Saldo ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	
TOTAL	8.867.684	100,0	-9,0	-9,0	8.290.941	100,0	8,3	8,3	576.743
I. Animais vivos e produtos do reino animal	759.129	8,6	-2,3	-0,2	858.458	10,4	-5,0	-0,6	-99.328
02 Carne e despoños comestibles	76.347	0,9	-19,7	-0,2	10.075	0,1	13,1	0,0	66.272
03 Pescados, crustáceos, moluscos	584.406	6,6	-0,1	0,0	830.412	10,0	-4,8	-0,6	-246.006
04 Leite, produtos lácteos, ovos	58.150	0,7	-0,7	0,0	9.491	0,1	-27,7	0,0	48.659
II. Produtos do reino vexetal	85.896	1,0	2,6	0,0	104.072	1,3	0,9	0,0	-18.176
08 Froitas /Froitas, sen conservar	25.816	0,3	-6,1	0,0	13.199	0,2	-16,0	0,0	12.617
10 Cereais	931	0,0	24,6	0,0	40.145	0,5	3,2	0,0	-39.214
III. Graxas e aceites animais ou vexetais; prod. do seu desdobraemento; graxas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal	24.702	0,3	-6,7	0,0	80.756	1,0	-25,2	-0,4	-56.054
15 Graxas, aceite animal ou vexetal	24.702	0,3	-6,7	0,0	80.756	1,0	-25,2	-0,4	-56.054
IV. Produtos das industrias alimenticias; bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre; tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados	397.236	4,5	5,7	0,2	382.565	4,6	17,9	0,8	14.671
16 Conservas de carne ou pescado	310.285	3,5	2,6	0,1	315.414	3,8	14,7	0,5	-5.129
23 Residuos industria alimentaria	21.330	0,2	-4,6	0,0	50.112	0,6	45,9	0,2	-28.782
V. Produtos minerais	495.174	5,6	-32,8	-2,5	1.378.415	16,6	12,1	1,9	-883.240
26 Minerais, escorias e cinzas	2.834	0,0	-7,4	0,0	81.105	1,0	35,8	0,3	-78.271
27 Combustibles, aceites minerais	443.008	5,0	-35,6	-2,5	1.272.886	15,4	10,7	1,6	-829.878
VI. Produtos das industrias químicas ou das industrias conexas	332.868	3,8	7,2	0,2	212.109	2,6	2,8	0,1	120.760
28 Produtos químicos inorgánicos	89.378	1,0	14,2	0,1	33.860	0,4	-19,5	-0,1	55.518
29 Produtos químicos orgánicos	16.218	0,2	-39,7	-0,1	53.012	0,6	-4,0	0,0	-36.794
30 Produtos farmacéuticos	24.677	0,3	43,3	0,1	11.148	0,1	-23,6	0,0	13.530
38 Outros produtos químicos	129.015	1,5	2,8	0,0	63.323	0,8	28,0	0,2	65.692
VII. Materias plásticas e manufacturas destas materias; caucho e manufacturas de caucho	125.585	1,4	-0,8	0,0	202.902	2,4	-8,8	-0,3	-77.317
39 Materias plásticas e as súas manufacturas	107.691	1,2	-1,1	0,0	161.026	1,9	-4,6	-0,1	-53.336
40 Caucho e as súas manufacturas	17.894	0,2	1,6	0,0	41.876	0,5	-21,7	-0,2	-23.981
VIII. Peles, coiros, peletería e manufacturas destas materias; artigos de guarnicionería ou de talabartería, artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes; manufacturas de tripa	84.586	1,0	0,7	0,0	38.463	0,5	39,7	0,1	46.124
41 Peles (agás a peletería) e coiros	11.008	0,1	-4,8	0,0	2.406	0,0	-52,3	0,0	8.602
42 Manufacturas de coiro, marroquinería	69.047	0,8	0,6	0,0	35.882	0,4	59,6	0,2	33.165
IX. Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira; cortiza e manufacturas de cortiza; manufacturas de espartaria ou cestería	207.940	2,3	8,6	0,2	52.518	0,6	0,3	0,0	155.423
44 Madeira e as súas manufacturas	203.746	2,3	8,1	0,2	52.000	0,6	0,3	0,0	151.747
X. Pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas; refugallo e desperdicios de papel e cartón; papel e as súas aplicacións	133.666	1,5	-6,4	-0,1	94.112	1,1	15,4	0,2	39.554
47 Pasta de madeira; papel reciclado	85.076	1,0	-11,6	-0,1	10.993	0,1	108,5	0,1	74.082
48 Papel, cartón; as súas manufacturas	46.930	0,5	4,4	0,0	80.886	1,0	9,0	0,1	-33.956
XI. Materias téxtiles e as súas manufacturas	2.276.050	25,7	-10,6	-2,8	749.000	9,0	26,2	2,0	1.527.051
54 Filamentos sintéticos ou artificiais	54.195	0,6	1,0	0,0	49.968	0,6	3,0	0,0	4.227
61 Prendas de vestir, de punto	713.178	8,0	-12,0	-1,0	181.008	2,2	6,7	0,1	532.170
62 Prendas de vestir, non de punto	1.340.597	15,1	-12,4	-2,0	363.813	4,4	49,4	1,6	976.784
XII. Calzado; sombrerería, paraugas, antucas, bastóns, látigos, fustas e as súas partes; pilmas preparadas e artigos de plumas; flores artificiais; manufacturas de cabelo	177.131	2,0	-4,9	-0,1	46.545	0,6	17,2	0,1	130.586
64 Calzado e as súas partes	169.583	1,9	-5,4	-0,1	40.791	0,5	19,2	0,1	128.792
XIII. Manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas; xolería de fantasía e moedas	170.036	1,9	10,4	0,2	30.994	0,4	0,0	0,0	139.043
68 Manufacturas de pedra, xeso	145.729	1,6	10,6	0,1	11.778	0,1	3,5	0,0	133.951
70 Vidrio e as súas manufacturas	17.099	0,2	15,8	0,0	15.063	0,2	-3,7	0,0	2.037
XIV. Perlas finas ou cultivadas, pedras preciosas e semipreciosas ou semellantes, metais preciosos, chapados de metais preciosos e manufacturas destas materias; xolería de fantasía e moedas	11.939	0,1	20,7	0,0	9.599	0,1	75,7	0,1	2.339
XV. Metais comúns e manufacturas destes metais	610.769	6,9	-12,0	-0,9	713.677	8,6	9,6	0,8	-102.908
72 Fundición, ferro e aceiro	203.907	2,3	-27,0	-0,8	325.514	3,9	4,1	0,2	-121.608
73 Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	86.707	1,0	-6,1	-0,1	106.730	1,3	1,4	0,0	-20.023
76 Aluminio e manufacturas de aluminio	260.840	2,9	-2,6	-0,1	200.245	2,4	22,4	0,5	60.595
XVI. Máquinas e aparellos, material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son en televisión, e as partes e accesorios destes aparellos	635.596	7,2	17,4	1,0	634.574	7,7	43,2	2,5	1.021
84 Máquinas e aparellos mecánicos	274.012	3,1	14,9	0,4	389.972	4,7	45,4	1,6	-115.960
85 Aparellos e material eléctrico	361.583	4,1	19,4	0,6	244.602	3,0	39,9	0,9	116.981
XVII. Material de transporte	2.104.970	23,7	-16,8	-4,4	2.584.307	31,2	2,8	0,9	-479.337
87 Vehículos automóbiles; tractores	2.043.062	23,0	-18,1	-4,6	2.560.298	30,9	4,6	1,5	-517.236
88 Aeronaves; vehículos espaciais	2.760	0,0	77,8	0,0	6.993	0,1	-88,3	-0,7	-4.234
89 Barcos e embarcacións	59.034	0,7	77,4	0,3	16.255	0,2	170,4	0,1	42.778
XVIII. Instrumentos e aparellos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, de control ou de precisión; instrumentos e aparellos cirúrxicos; relojería; instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos e aparellos	15.928	0,2	-5,6	0,0	30.885	0,4	-11,8	-0,1	-14.958
90 Aparellos ópticos, medidas e médicos	9.874	0,1	-12,9	0,0	29.502	0,4	-12,0	-0,1	-19.628
XIX. Armas e municións, as súas partes e accesorios	75	0,0	12,6	0,0	2.523	0,0	2.345,8	0,0	-2.448
XX. Mercadorías e produtos diversos	108.606	1,2	0,1	0,0	79.414	1,0	-0,6	0,0	29.192
94 Mobles, cadeiras, lámparas	87.625	1,0	-6,2	-0,1	67.905	0,8	-1,6	0,0	19.720
XXI. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade	115	0,0	298,5	0,0	128	0,0	18,4	0,0	-14
N.C. Non clasificados	109.686	1,2	7,9	0,1	4.926	0,1	41,2	0,0	104.760

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

Nota: Para o cálculo das repercusións empréganse os pesos do mesmo mes do ano anterior

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. MAIO 2019. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	1.949.479	100,0	-6,0	1.728.717	100,0	5,7
EUROPA	1.637.044	84,0	-3,2	1.000.667	57,9	-2,1
UE28	1.550.249	79,5	-3,3	907.884	52,5	-3,6
Zona Euro	1.235.003	63,4	-3,5	839.736	48,6	-3,7
Alemaña	112.962	5,8	18,7	57.343	3,3	-4,4
Austria	11.412	0,6	26,1	6.505	0,4	43,6
Bélxica	61.298	3,1	-56,4	14.081	0,8	-54,7
Finlandia	4.957	0,3	-24,8	8.017	0,5	10,3
Francia	337.318	17,3	-13,0	455.284	26,3	-2,6
Grecia	43.032	2,2	53,9	914	0,1	-31,8
Irlanda	25.687	1,3	57,9	4.254	0,2	65,0
Italia	191.182	9,8	0,0	77.522	4,5	28,7
Luxemburgo	4.190	0,2	120,6	1.354	0,1	19,7
Países Baixos	114.506	5,9	21,7	29.073	1,7	62,0
Portugal	289.338	14,8	5,4	143.909	8,3	-25,5
Chipre	5.532	0,3	28,1	14	0,0	305,7
Eslovaquia	12.491	0,6	-22,7	39.478	2,3	78,7
Eslovenia	6.457	0,3	24,5	895	0,1	115,9
Estonia	6.500	0,3	152,0	77	0,0	-43,1
Letonia	1.993	0,1	46,1	46	0,0	-71,9
Lituania	3.493	0,2	10,1	970	0,1	-60,5
Malta	2.655	0,1	32,3	2	0,0	-89,7
Resto UE28	306.384	15,7	0,9	63.483	3,7	-6,2
Dinamarca	8.720	0,4	-17,4	9.022	0,5	86,4
Reino Unido	127.861	6,6	-16,6	21.854	1,3	15,7
Suecia	12.159	0,6	-15,3	5.120	0,3	-62,9
Hungría	10.417	0,5	27,2	735	0,0	-25,6
Polonia	83.692	4,3	17,6	12.768	0,7	36,9
República Checa	11.713	0,6	5,5	9.444	0,5	-19,6
Bulgaria	6.123	0,3	15,4	353	0,0	-2,7
Romanía	30.823	1,6	65,2	2.814	0,2	-59,8
Croacia	14.875	0,8	36,8	1.371	0,1	81,8
RESTO DE EUROPA	86.795	4,5	-1,0	92.783	5,4	14,7
Turquía	34.509	1,8	-24,1	43.180	2,5	10,3
Rusia	13.219	0,7	-1,1	30.920	1,8	8,4
AMÉRICA	130.789	6,7	-23,6	219.139	12,7	-1,0
AMÉRICA DEL NORTE	45.563	2,3	-34,3	34.068	2,0	-2,4
Estados Unidos	37.012	1,9	-36,1	32.635	1,9	-4,5
AMÉRICA LATINA	84.614	4,3	-16,2	150.590	8,7	9,7
México	19.393	1,0	5,7	67.477	3,9	38,1
Argentina	4.933	0,3	-68,6	24.258	1,4	-6,0
Ecuador	5.834	0,3	28,8	20.447	1,2	-19,9
ASIA	88.891	4,6	-23,0	206.941	12,0	35,9
Oriente Medio	26.710	1,4	-42,3	5.612	0,3	-80,2
Xapón	7.323	0,4	-63,6	16.046	0,9	-2,1
China	25.786	1,3	31,1	105.659	6,1	149,4
India	3.793	0,2	53,2	14.584	0,8	18,1
Indonesia	2.438	0,1	37,6	22.684	1,3	94,0
ÁFRICA	85.304	4,4	1,1	294.117	17,0	31,1
Marrocos	48.357	2,5	-0,6	49.901	2,9	32,6
Namibia	1.357	0,1	65,9	22.197	1,3	5,1

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. XANEIRO-MAIO 2019. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	8.867.684	100,0	-9,0	8.290.941	100,0	8,3
EUROPA	7.194.622	81,1	-11,4	4.920.761	59,4	4,0
UE28	6.839.897	77,1	-11,5	4.483.725	54,1	1,8
Zona Euro	5.447.026	61,4	-11,6	4.147.986	50,0	2,5
Alemaña	507.611	5,7	-9,3	301.839	3,6	9,7
Austria	46.247	0,5	-14,3	30.091	0,4	21,8
Bélxica	274.127	3,1	-50,2	61.128	0,7	-41,7
Finlandia	22.862	0,3	-23,0	33.287	0,4	6,6
Francia	1.671.798	18,9	-10,6	2.349.684	28,3	1,8
Grecia	152.122	1,7	-4,4	4.563	0,1	-14,7
Irlanda	90.858	1,0	1,2	13.598	0,2	11,9
Italia	779.532	8,8	-16,5	325.063	3,9	11,4
Luxemburgo	18.956	0,2	85,1	4.169	0,1	-30,3
Países Baixos	405.271	4,6	-5,1	128.208	1,5	42,7
Portugal	1.313.946	14,8	0,2	755.877	9,1	-5,0
Chipre	21.633	0,2	-0,3	21	0,0	-15,5
Eslovaquia	58.563	0,7	-10,1	130.897	1,6	42,7
Eslovenia	26.864	0,3	6,8	4.301	0,1	58,5
Estonia	24.168	0,3	47,1	1.546	0,0	176,0
Letonia	7.897	0,1	-0,3	346	0,0	-69,8
Lituania	13.076	0,1	-6,1	3.364	0,0	-33,6
Malta	11.495	0,1	-7,5	6	0,0	-80,4
Resto UE28	1.344.099	15,2	-11,3	320.829	3,9	-6,7
Dinamarca	55.489	0,6	-18,1	45.168	0,5	98,4
Reino Unido	646.717	7,3	-13,3	119.707	1,4	-17,9
Suecia	68.404	0,8	-20,8	32.865	0,4	-9,8
Hungría	44.104	0,5	-2,4	4.056	0,0	-20,8
Polonia	299.353	3,4	-9,1	45.934	0,6	4,6
República Chec	50.846	0,6	-7,0	50.349	0,6	-3,7
Bulgaria	23.743	0,3	0,1	1.280	0,0	-23,8
Romanía	102.880	1,2	-1,6	16.175	0,2	-49,3
Croacia	52.562	0,6	-8,8	5.294	0,1	27,3
RESTO DE EUROPA	354.724	4,0	-8,5	437.036	5,3	33,5
Turquía	133.090	1,5	-37,7	227.105	2,7	52,3
Rusia	51.901	0,6	1,8	60.870	0,7	-33,6
AMÉRICA	701.273	7,9	-0,1	993.656	12,0	6,2
AMÉRICA DEL NORTE	284.437	3,2	5,4	196.618	2,4	-13,0
Estados Unidos	237.387	2,7	4,7	190.573	2,3	-14,3
AMÉRICA LATINA	413.915	4,7	-3,3	689.593	8,3	10,7
México	96.351	1,1	-1,2	307.276	3,7	11,0
Argentina	24.762	0,3	-73,9	105.829	1,3	28,3
Ecuador	20.139	0,2	20,4	100.613	1,2	6,5
ASIA	420.452	4,7	-4,8	1.101.236	13,3	13,5
Oriente Medio	130.956	1,5	-21,7	21.379	0,3	-83,3
Xapón	39.027	0,4	-25,6	95.677	1,2	24,5
China	108.024	1,2	31,9	492.417	5,9	52,4
India	17.746	0,2	45,1	59.228	0,7	5,9
Indonesia	9.550	0,1	19,9	157.399	1,9	-5,7
ÁFRICA	452.786	5,1	6,0	1.155.511	13,9	28,1
Marrocos	286.444	3,2	0,0	289.749	3,5	68,9
Namibia	6.285	0,1	-40,1	71.177	0,9	-12,3

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTONOMAS. MAIO 2019. AVANCE DE DATOS

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
TOTAL	26.691.544	100,0	5,5	28.801.758	100,0	4,9	92,7
Andalucía	2.968.708	11,1	-5,2	2.741.137	9,5	-5,0	108,3
Aragón	1.229.049	4,6	12,3	1.043.124	3,6	-2,7	117,8
Asturias (Principado de)	413.553	1,5	16,5	366.774	1,3	1,1	112,8
Baleares (Illes)	160.598	0,6	-6,1	118.386	0,4	-47,8	135,7
Canarias	249.312	0,9	19,8	303.568	1,1	6,4	82,1
Cantabria	243.626	0,9	17,8	190.733	0,7	6,9	127,7
Castilla y León	643.451	2,4	-2,3	768.577	2,7	1,8	83,7
Castilla-La Mancha	1.336.658	5,0	-6,6	1.117.377	3,9	-11,5	119,6
Cataluña	6.838.703	25,6	9,0	8.288.501	28,8	5,9	82,5
Ceuta	576	0,0	127,2	24.902	0,1	103,1	2,3
Comunidad Valenciana	2.933.719	11,0	8,7	2.657.345	9,2	8,9	110,4
Extremadura	179.368	0,7	5,6	111.268	0,4	2,2	161,2
Galicia	1.949.479	7,3	-6,0	1.728.717	6,0	5,7	112,8
Madrid (Comunidad de)	2.747.155	10,3	14,0	5.482.159	19,0	10,4	50,1
Melilla	2.256	0,0	-28,0	10.122	0,0	-9,0	22,3
Murcia (Región de)	1.021.181	3,8	5,4	1.154.545	4,0	36,0	88,4
Navarra (Comunidad Foral de)	949.951	3,6	8,0	478.890	1,7	1,3	198,4
País Vasco	2.438.461	9,1	9,9	1.902.238	6,6	10,1	128,2
Rioja (La)	166.884	0,6	5,8	121.023	0,4	-5,8	137,9
Sen determinar	218.856	0,8	9,1	192.372	0,7	-24,9	113,8

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTONOMAS. XANEIRO-MAIO 2019. AVANCE DE DATOS

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
TOTAL	122.469.553	100,0	1,9	135.648.642	100,0	2,5	90,3
Andalucía	14.412.891	11,8	0,9	12.500.307	9,2	-7,2	115,3
Aragón	5.624.975	4,6	14,8	4.817.670	3,6	-3,5	116,8
Asturias (Principado de)	1.919.095	1,6	18,5	1.699.728	1,3	-2,9	112,9
Baleares (Illes)	617.555	0,5	-10,4	719.550	0,5	-5,5	85,8
Canarias	1.082.901	0,9	4,6	1.463.927	1,1	-5,8	74,0
Cantabria	1.198.176	1,0	22,1	889.859	0,7	3,8	134,6
Castilla y León	3.019.657	2,5	2,0	3.590.735	2,6	0,1	84,1
Castilla-La Mancha	6.116.770	5,0	-9,0	5.264.549	3,9	-11,0	116,2
Cataluña	31.253.637	25,5	2,6	39.734.666	29,3	5,0	78,7
Ceuta	2.378	0,0	-68,3	129.527	0,1	31,3	1,8
Comunidad Valenciana	13.541.425	11,1	2,3	12.279.904	9,1	4,9	110,3
Extremadura	768.523	0,6	1,4	497.950	0,4	-7,5	154,3
Galicia	8.867.684	7,2	-9,0	8.290.941	6,1	8,3	107,0
Madrid (Comunidad de)	12.540.190	10,2	4,2	26.238.479	19,3	5,1	47,8
Melilla	8.391	0,0	-41,9	45.452	0,0	-14,8	18,5
Murcia (Región de)	4.566.060	3,7	3,9	4.778.907	3,5	13,1	95,5
Navarra (Comunidad Foral de)	4.261.988	3,5	8,9	2.196.549	1,6	3,3	194,0
País Vasco	10.840.596	8,9	1,9	8.795.011	6,5	6,7	123,3
Rioja (La)	806.042	0,7	1,4	594.275	0,4	-2,1	135,6
Sen determinar	1.020.617	0,8	2,3	1.120.657	0,8	-19,6	91,1

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

Notas metodolóxicas

A información do comercio exterior de Galicia provén de rexistros administrativos do “Departamento de Aduanas e Impuestos Especiales” da “Agencia Estatal Tributaria”, que recollen mensualmente as operacións de comercio exterior de bens que se producen en España. Este rexistro administrativo, para o Comercio con terceiros países, ten como base a Declaración de despacho en Aduana (DUA ou Documento Único Administrativo). Para o Comercio intracomunitario, dende o ano 1993, non existen fronteiras entre os países que integran a Unión Europea nin, polo tanto, formalidades aduaneiras. Por tanto, en xeral, estableceuse a obriga por parte dos operadores económicos de formalizar a Declaración estatística Intrastat, que recolle as correspondentes operacións intracomunitarias. Dita declaración constitúe a base para a obtención dos datos estatísticos do comercio entre os Estados membros.

Na estatística de comercio exterior e intracomunitario preséntanse os seguintes fluxos:

Expedicións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluíndo o resto de España).

Exportacións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

Introducións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal do resto da UE (excluíndo o resto de España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Importacións comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Para as definicións das áreas utilízase a xeonomenclatura elaborada por Eurostat.

Os datos deste informe proveñen da información subministrada polo “Ministerio de Industria, Comercio y Turismo” na súa páxina web.

Para máis información:

<https://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1180&paxina=003002001>